

**ASUNTO: INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DOS PERMISOS E LICENZAS DE MÁIS DE 15 DÍAS DO PDI.**

En aplicación da normativa de permisos e licenzas do PDI, aprobada polo Consello de Goberno do día 5 de outubro de 2005 e modificada polo Consello de Goberno de 2009, infórmoo/a da tramitación das licenzas de duración de máis de quince días:

- 1) Cando a duración das licenzas solicitadas sexa superior a quince días e de duración igual ou inferior a tres meses, estas concederanse polo reitor e deberán enviarse a esta vicerreitoría cunha antelación mínima de **sete días naturais** sobre o inicio previsto da estadía, de acordo co establecido no apartado 3 da normativa de permisos e licenzas do PDI.
- 2) As licenzas de duración superior a tres meses, serán concedidas pola Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), e se achegará á vicerreitoría cunha antelación mínima de **trinta días naturais** (punto 4. da dita normativa).
- 3) **A renuncia** ás licenzas concedidas, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore a sinatura do solicitante. A dita renuncia terá **efectos desde a súa entrada na vicerreitoría** e non terá carácter retroactivo.

Vigo, 2 de febreiro de 2017



Ana M. Graña Rodríguez